

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASESORÍA XURÍDICA XERAL DA XUNTA DE GALICIA, A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A ASOCIACIÓN PROFESIONAL DOS LETRADOS DA XUNTA DE GALICIA, PARA A CREACIÓN EDITORIAL CONCERTADA E DISTRIBUCIÓN DUN LIBRO DE COMENTARIOS Á LEI 4/2019, DO 17 DE XULLO, DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL DE GALICIA.

En Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

REUNIDOS

Don Manuel Pillado Quintáns, Secretario Xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, no nome e representación desta, comparece por razón do cargo que ocupa, en virtude do artigo 34 da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e facultado para este acto en virtude das competencias que a vixente lexislación lle atribúe (Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia).

Don Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que

se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Dona Sonia Rodríguez-Campos González, Directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134, do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9º da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo;

Don Agustín Pigni Giraudó, Presidente da Asociación Profesional de Letrados da Xunta de Galicia, con NIF: G15448673, en virtude do poder de representación conferido a tal polo artigo 18 dos Estatutos da Asociación inscritos na Oficina de Depósitos de Asociacións Empresariais e Sindicais, co número 72-333-1993 da Secretaría Xeral de Emprego (resolución de 1 de decembro de 2014, DOG 22-12-2014, pola que se da publicidade ao depósito dos vixentes estatutos).

As partes teñen e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria e representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que, de acordo co artigo 9 dos Estatutos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado por Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta de Galicia, en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia e coordinación coas distintas consellerías e organismos para o desenvolvemento das actuacións

nesta materia no ámbito das súas competencias, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Que segundo o artigo 3 da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, corresponde a esta a asistencia xurídica da Administración da Comunidade Autónoma galega, a través do persoal letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia. De acordo co artigo 43 da Lei a Xunta de Galicia fomentará a formación continua do persoal letrado, o que inclúe o coñecemento das innovacións lexislativas, xurisprudenciais e doutriniais, e, en particular, impulsará a realización por este persoal de traballos de investigación. A Asesoría Xurídica Xeral, en particular, está interesada en promover a especialización do persoal letrado da Xunta de Galicia no eido do dereito das novas tecnoloxías e Intelixencia Artificial coa finalidade de dispor dun corpo xurídico especializado neses ámbitos na Comunidade Autónoma de Galicia, obxectivo que resulta facilitado polo fomento da realización da obra colectiva prevista neste convenio.

Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudio e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

Que de acordo co artigo 8.1 da Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e lectura de Galicia, os poderes públicos de Galicia promoverán, no ámbito das súas competencias, unha actividade editorial co obxecto, entre outros, de recompilar normas xurídicas emanadas dos seus órganos. E o artigo 16.1 da Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e de la lectura de Galicia prevé a cooperación na edición, indicando que, como medida para impulsar e axilizar a edición, a Xunta de Galicia, a través de convenios, cooperará con outras administracións públicas, institucións e entidades públicas e privadas para a

creación, tradución, edición, difusión, distribución e comercialización de libros e materiais de lectura de información, de acordo coas prioridades que se establezan en cada caso, dentro do marco da lexislación vixente.

Que a Asociación Profesional dos Letrados da Xunta de Galicia é o ente asociativo que representa á maior parte dos Letrados da Xunta de Galicia, con experiencia no desenvolvemento de libros e comentarios como os que son obxecto deste Convenio, en colaboración coa Administración galega. Neste sentido cabe citar a obra "Lei 39/2015 comentada por letrados da Xunta de Galicia Comentarios, anotacións e xurisprudencia sobre a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas".

SEGUNDO.- Que todas as partes consideran do seu interese para o cumprimento das súas respectivas funcións a creación, edición e ulterior distribución dun libro comentado polos Letrados da Xunta de Galicia sobre a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, polo carácter central desa lei nas actuacións administrativas e a importancia do seu correcto entendemento polo persoal do sector público na practica administrativa da Xunta de Galicia e polos demais operadores xurídicos.

A comprensión da norma e o seu correcto manexo polo persoal do sector público autonómico contribuirá á mellora das relacións cos administrados constituído un activo inmaterial para a Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRO.- Que para a consecución da finalidade expresada no expositivo anterior de creación, edición e distribución da obra colectiva citada, as partes manifestan a súa vontade de formalizar o presente convenio, que articula as relacións entre elas.

De acordo co establecido no artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico

español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído da indicada lei ao tratarse dun negocio xurídico relativo a propiedades incorporais (dereitos de propiedade intelectual) e se rexerá pola lexislación patrimonial, non incluíndo prestacións propias dos contratos típicos regulados na Lei 9/2017.

De acordo co artigo 83.2 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, resulta de aplicación á adquisición de propiedades incorporais o establecido nesta lei para a adquisición de inmobles e dereitos sobre eles, en canto non fose incompatible coa natureza destes dereitos. Resulta, polo tanto aplicable o artigo 67 da Lei, relativo aos “Principios xerais do procedemento”, que establece que a adquisición destes bens realizárase mediante procedementos que garantan o respecto dos principios de igualdade, publicidade e concorrencia, salvo nos supostos que a lei expresa, nos que pode acudirse á adquisición directa sen publicidade. Entre estes supostos encóntranse os seguintes: “a) Peculiaridades ou singularidades do ben, que se xustificarán expresamente no expediente de adquisición”; “g) Cando o valor de taxación do ben o dereito fora inferior a 40.000 euros”.

A relación patrimonial que se constitúe neste convenio coa Asociación Profesional de Letrados da Xunta de Galicia responde aos supostos citados, tanto pola contía de adquisición dos dereitos como polas peculiaridades ou singularidades da adquisición. Respecto deste último extremo debe destacarse que estamos ante actividades de carácter eminentemente intelectual, como é a elaboración dun libro, e que as partes especificamente pretenden a creación dunha obra de comentarios prácticos á Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, polo xa expresado carácter central desa lei nas actuacións administrativas e a importancia do seu correcto entendemento para a practica administrativa da Xunta de Galicia e a importancia do seu correcto entendemento polo persoal do sector público na

practica administrativa e demais operadores xurídicos. De acordo co exposto, considérase que o persoal letrado da Xunta de Galicia conta con coñecementos e experiencia específicos tanto no proceso de elaboración da norma como na súa aplicación práctica no día a día, ademais de coñecementos e experiencia no funcionamento diario da actividade administrativa. Deste modo, as partes consideran que a visión do persoal expresado os converte nos autores idóneos para que a obra cumpra do mellor xeito posible as súas finalidades de fomento do coñecemento da lei e aplicación correcta e informada dela na practica administrativa. En particular, preténdese tamén fomentar a realización de traballos de investigación polo persoal letrado, de acordo co artigo 43 da Lei 4/2016.

Ademais, considérase que dado a súa relación cos letrados, experiencia e resultados obtidos noutros procesos de creación de libros xurídicos, a Asociación Profesional de Letrados da Xunta de Galicia resulta a persoa idónea para promover a realización da obra colectiva entre o persoal letrado e conseguir a súa colaboración, manter a relación cos autores, coordinar a súa acción, velar pola integración das súas achegas intelectuais na obra colectiva e retribuílos pola adquisición dos seus dereitos.

En virtude do exposto e recoñecéndose as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio é fixar as bases para a colaboración das partes na creación, edición e distribución dun libro comentado polos Letrados da Xunta de Galicia sobre a lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

A colaboración materializarase na creación dun libro-manual de comentarios xurídicos e técnicos sobre a aplicación da Lei, cun enfoque eminentemente práctico que, a modo de manual de consulta, facilite o coñecemento da norma tanto polo persoal da administración pública, como polo resto de operadores xurídicos e cidadanía que debe relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos. No anexo deste convenio recóllese unha concreción dos traballos a realizar.

SEGUNDA.- Compromisos dos asinantes en orde á creación editorial concertada e distribución da obra colectiva

Os asinantes asumen os seguintes compromisos:

a) A Axencia a para a Modernización Tecnolóxica de Galicia colaborará cunha achega de **8.520 €** con cargo á aplicación orzamentaria **07.A1.571A.640.0** do orzamento de gastos desta axencia pública autonómica para o ano 2024. Dita achega terá por obxecto a adquisición dos dereitos de propiedade intelectual sobre a obra colectiva, incluíndo, en particular á compensación á Asociación Profesional de Letrados da xunta de Galicia e aos autores polas súas achegas incorporadas á obra colectiva.

A Axencia recibirá un 20% dos libros editados para a súa libre e gratuíta difusión institucional.

b) A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia encargarse da promoción e coordinación institucional e difusión das actuacións realizadas en virtude do presente convenio.

A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, recibirá un 20% dos libros editados para a súa libre e gratuíta difusión institucional.

c) A Escola Galega de Administración Pública encargarse de asumir as tarefas materiais que require a edición do libro, incluíndo o encargo da súa maquetación e impresión, así como da súa posterior distribución que non abarcará os exemplares que quedarán á disposición dos outros asinantes para a súa socialización. O coste estimado da edición material do libro calcúlase no importe de 3000 €. Con relación aos exemplares que se decida destinar á venda, a EGAP percibirá o prezo daqueles de cuxa distribución se ocupe, como compensación dos seus gastos de edición. A EGAP publicará este prezo de venda e o comunicará ás demais institucións asinantes.

d) A Asociación Profesional dos Letrados da Xunta de Galicia, encargarse de promover a realización da obra colectiva entre o persoal letrado e conseguir a súa colaboración, manter a relación cos autores, coordinar a súa acción, velar pola integración das súas achegas intelectuais na obra colectiva e retribuílos pola adquisición dos seus dereitos. A estes efectos, a asociación deseñará o plan da obra colectiva, difundirá entre todo o persoal letrado da Xunta de Galicia o proxecto para a súa creación e fomentará e facilitará a súa participación, seleccionando aos autores en atención aos seus coñecementos e formación específicos na materia, e repartindo entre eles as tarefas e coordinando as achegas.

A asociación recibirá a achega económica antes mencionada da AMTEGA, como compensación pola adquisición dos dereitos de propiedade intelectual sobre a obra colectiva, incluíndo a compensación a ela e aos autores polas súas achegas incorporadas á obra colectiva e se ocupará da distribución da cantidade entre eles.

A asociación encargarse da formalización por escrito, de acordo coa lexislación de propiedade intelectual, da cesión dos dereitos dos autores participantes na obra colectiva.

A cesión de dereitos de propiedade intelectual será con carácter de exclusiva,

para toda España, e por todo o prazo de duración legal dos dereitos de autor, editarase en lingua galega, con previsión da distribución prevista neste convenio e con previsión dos prazos de entrega que permitan o cumprimento deste convenio.

A Asociación profesional de letrados deberá entregar a obra colectiva obxecto de edición no prazo de tres meses dende a sinatura do presente convenio. A Comisión de seguimento deberá prestar a súa conformidade ao texto entregado da obra no prazo dun mes dende a súa entrega. A EGAP procederá a continuación a encargar as tarefas técnicas de edición e reprodución. Con carácter previo á reprodución do texto á EGAP someterá as probas de edición á Asociación Profesional de Letrados da Xunta de Galicia, que coordinará a súa revisión polos autores nun prazo de 15 días.

TERCEIRA. Utilización da lingua galega.

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio, e en concreto o libro resultante, serán en lingua galega e deberase levar a cabo de acordo co contemplado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

CUARTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do Convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por un representante de cada unha das institucións, á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
- 3.- Dar a conformidade ao texto final da obra colectiva presentada pola Asociación Profesional de Letrados da Xunta de Galicia, unha vez que se comprobe que responde ao establecido no presente convenio, con carácter previo á súa edición e reprodución.
- 4.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 5.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 6.- En xeral, as que o artigo 49.f) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece para o mecanismo de seguimento, vixilancia e control.

QUINTA- Xustificación e pagamento

A Asociación Profesional de Letrados da Xunta de Galicia percibirá as cantidades sinaladas na letras a) da cláusula segunda deste convenio en concepto de aboamento da cesión de dereitos de propiedade intelectual sobre a obra colectiva prevista no convenio, unha vez que se aproben os traballos realizados no seo da comisión de seguimento, e logo da presentación da seguinte documentación ante a Amtega:

- Xustificación da entrega á EGAP dos relatorios que compoñen o libro para a súa edición, e documentación acreditativa da cesión polos autores dos seus dereitos, acompañada da correspondente factura polo importe previsto neste convenio.

A Asociación Profesional de Letrados da Xunta de Galicia facilitará toda a información que lle requiran as partes asinantes así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma o Consello de Contas e o Tribunal de Contas nas súas funcións de fiscalización e control.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento das cantidades sinaladas na cláusula segunda a Asociación deberá presentar:

- Certificado de non ter pendente ningunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Certificado de atoparse ao corrente nas obrigas sociais expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura do presente convenio comporta a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

SEXTA- Dereitos de propiedade intelectual sobre a obra colectiva

O libro comentado polos Letrados da Xunta de Galicia sobre a lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, cuxa creación é obxecto do presente convenio terá a natureza de obra colectiva, de acordo co establecido no artigo 8 do Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, dado que se crea pola iniciativa e baixo a coordinación das partes deste convenio, e estará constituída pola reunión de achegas de diferentes autores cuxa contribución persoal fundirase nunha creación única e autónoma, para a cal ten sido concibida, sen que sexa posible atribuír separadamente a calquera dos autores un dereito sobre o conxunto da obra realizada.

De acordo co establecido no indicado precepto e en virtude do previsto no presente convenio, as partes pactan que os dereitos sobre a obra colectiva

corresponderán á AMTEGA e á EGAP que terán a consideración de coeditores, e a obra editarase y divulgarase baixo e seu nome.

SÉTIMA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio.

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

OITAVA.-. Acto de presentación do libro editado

As partes procurarán a realización dun acto público conxunto de presentación do libro editado, na forma e no momento que estas acorden.

NOVENA.-Publicidade

En todas as actividades, actuacións informativas, divulgativas e publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar nun lugar destacado a colaboración das partes e usaranse para iso, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de imaxe corporativa.

Así mesmo, sexa cal for o medio de difusión, calquera das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

DÉCIMA .- Rexistro de Convenios. Transparencia e boas prácticas

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á

información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen os datos relativos ao presente convenio que deban ser obxecto de publicidade de acordo coa citada norma.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

UNDÉCIMA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DUODÉCIMA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este convenio, polo que se refire ás relacións concertadas entre a Asesoría Xurídica Xeral, a AMTEGA e a EGAP, ten carácter de convenio de colaboración intradministrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Os eventuais conflitos entre estas partes resolveranse de acordo coas regras relativas aos conflitos de atribucións de acordo co establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O negocio xurídico relativo a propiedades incorporais (dereitos de propiedade intelectual) incluído neste convenio entre as partes antes citadas e Asociación Profesional de Letrados da Xunta de Galicia para a creación editorial concertada e distribución do libro ten carácter patrimonial, rexéndose, de acordo co establecido no artigo 3.2 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia., polo previsto na indicada lei e demais normativa citada no precepto. Supletoriamente aplicaranse as normas do dereito administrativo, en todas as cuestións relativas á competencia para adoptar os correspondentes actos e o procedemento, e as normas do dereito privado, civil o mercantil, no que afecte aos restantes aspectos do seu réxime xurídico. A xurisdición civil será a competente para resolver os conflitos en caso de falta de acordo entre as partes.

DÉCIMOTERCEIRA.- Vixencia

O convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o 31 de decembro de 2024. Sen prexuízo do indicado, a cesión de dereitos de propiedade intelectual contida no presente convenio manterase durante todo o tempo de duración legal destes, de acordo co previsto na letra d) da cláusula segunda.

Este acordo de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, no lugar indicado no encabezamento.

**O Secretario Xeral da Asesoría
Xurídica Xeral**

Manuel Pillado Quintáns

O director da Amtega

Julián Cerviño Iglesia

A directora da EGAP

Sonia Rodríguez-Campos González

**O presidente da Asociación
Profesional de Letrados da Xunta
de Galicia**

Agustín Pigni Giraudó

ANEXO

CONCRECIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR

O libro resultante deste Convenio terá como contido un comentario, artigo por artigo, da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Esta disposición completa o marco normativo galego para o desenvolvemento no contexto dixital e dos principios vinculados á racionalización administrativa e dos recursos públicos, a garantía da calidade dos servizos públicos e o dereito á boa administración, así como a transparencia e o bo goberno, e ten una importancia capital no desenvolvemento transversal do funcionamento das administracións públicas de Galicia.

O libro editarase tanto en formato papel como dixital.

Prevese un libro dunha extensión de arredor de 400 paxinas (cifra aproximativa) estruturalmente e visualmente de doado seguimento. Os textos serán de doada a comprensión de quen, sen ser especialista, esta en relación cos procedementos administrativos, para que, sen perder o rigor científico, se aporten debates e solucións para a práctica diaria.

O número inicial de exemplares da edición será de trescentos (300) libros. Habilítase, no seu caso, á Comisión de Seguimento para axustar ese número ás circunstancias existentes no momento de proceder á edición e distribución. A Escola Galega de Administración Pública poderá acordar unha segunda ou sucesivas edicións, de non mediar oposición expresa dos demais asinantes.

Os textos serán en galego e pensados para xestores xurídicos galegos, polo que se porá en relación coa normativa de afectación en Galicia (galega, ou

estatal de aplicación), e con cita de xurisprudencia de influencia, dos tribunais galegos (TSXG, por exemplo) e, no seu caso, do TS e TC, que sexa de interese. Procurarase que os comentarios sexan realizados precisamente por Letrados da Xunta de Galicia, en número suficiente para dar unha visión plural, entre 10 e 15 letrados aproximadamente, por ser o colectivo que máis pode aportar para chegar ao resultado descrito, considerando, igualmente, o seu acercamento á problemática legal da xestión diaria da administración electrónica, en especial na Administración autonómica, e a seu tratamento xurisprudencial, así como polo éxito de publicacións editoriais anteriores, como a "Lei 30/92 comentada por Letrados da Xunta de Galicia", e a "Lei 39/2015 comentada por Letrados da Xunta de Galicia".